

**XEFATURA TERRITORIAL
VIGO****REQUIRIMENTO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO
DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN EN VARIAS SOLICITUDES PRESENTADAS NO
PROCESO SELECTIVO DE ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN NA
MODALIDADE DE MARISQUEO A PÉ DA CONFRARÍA DE VILAXOÁN**

O 2 de xuño de 2021 foi publicado o proceso selectivo para a cobertura de dúas (2) prazas de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial do plan de explotación, da confraría de pescadores de Vilaxoán.

Segundo o disposto no apartado I.4. das bases da convocatoria, logo de rematar o prazo de presentación de instancias, e de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 2 de outubro de Procedemento administrativo das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos formais, requiriráselle ás persoas interesadas, para que no prazo de dez (10) días hábiles a emenden, con indicación de que se así non o fixesen, se lles terán por desistidas das súas peticións, logo dunha resolución expresa.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento do padrón, de acordo co disposto no apartado c.3 do punto 1.3. das bases da convocatoria, a xefatura territorial poderá requirirlle á persoa solicitante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento con anterioridade á publicación da resolución provisional.

A notificación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrência competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das Xefaturas Comarcais de Pontevedra e Vilagarcía de Arousa, así como no taboleiro de anuncios da confraría.

De acordo co anteriormente indicado, REQUIRESE a seguinte documentación ás persoas indicadas a continuación:



**XEFATURA TERRITORIAL
VIGO**

APELIDOS E NOME	NIF	DOCUMENTACIÓN
FERNÁNDEZ SALINAS, YESICA ELIZABETH	***3841**	Documento de empadramento con referencia de antigüidade
PIÑEIRO VIDAL, CARMEN	***6612**	Documento de empadramento con referencia de antigüidade
PIÑEIRO VIDAL, MARÍA ROSALÍA	***6029**	Documento de empadramento con referencia de antigüidade
BREA PÉREZ, PAULA	***7121**	Documento de representación asinado

(*) Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

A documentación requirida presentarse, preferiblemente por vía electrónica e opcionalmente en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4. da Lei 39/2015, do 2 de outubro. Presentarse directamente ou a través das entidades asociativas do sector, no prazo de dez (10) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao que se publique esta convocatoria no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e dirixiranse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar de Vigo, de acordo co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Aquela persoa á que lle foi solicitado o documento de representación, no caso de non remitir a documentación requirida considerárase que desiste da súa petición e a súa solicitude será excluída do proceso selectivo logo da correspondente resolución que será ditada nos termos previstos no artigo 21.

Aquelas persoas ás que lle foi requirida o documento de empadramento con



**XEFATURA TERRITORIAL
VIGO**

referencia da antigüidade, no caso de non remitir a documentación requirida non será valorada a puntuación para ese epígrafe.

Sonia Lorenzo Santos
Xefa Territorial de Vigo

